

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A AGRUPACIÓN
DEPORTIVA ESCOLAR ULLA-UMIA PARA A PRÁCTICA E O
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DEPORTIVA EN IDADE ESCOLAR**

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Don Diego Calvo Pouso, nomeado vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes a través do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean aos titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, e en uso das competencias establecidas no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Don Diego Negro Rodríguez, presidente da Agrupación Deportiva Escolar Ulla-Umia, actuando na súa representación e no exercicio das facultades atribuídas ao efecto polos estatutos da agrupación.

EXPOÑEN

- I. Conforme ao Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma asume a competencia exclusiva na promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- II. En desenvolvemento desta previsión estatutaria o Parlamento de Galicia ditou a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, norma que contempla entre as competencias da Administración autonómica a de *"promover, ordenar e organizar o deporte en idade escolar"* -art. 5.1.n)-, ámbito deportivo este que se especifica no art. 24 da norma onde, entre outras



previsións, se contempla que a *“Administración autonómica fomentará, en colaboración e coordinación coas demais administracións públicas con competencia na materia, coas federacións deportivas galegas, cos clubs, coas agrupacións deportivas escolares e coas demais entidades deportivas, a práctica e o desenvolvemento da actividade deportiva en idade escolar, a través de plans e programas específicos. (...)”*.

- III. No exercicio desta previsión, a Administración autonómica leva a cabo o programa XOGADE –Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar–, programa que se executa en colaboración coas federacións deportivas e as agrupacións deportivas escolares de Galicia.
- IV. O deseño do programa combina o carácter competitivo cun programa lúdico e participativo para os escolares dos centros educativos de Galicia (tanto escolar como federado), apostando por un modelo orientado á participación, axustándose desta forma á concepción do deporte e da actividade física promulgada dende o Consello de Europa a través da Carta Europea do Deporte.
- V. Este carácter do programa facilita a consecución do seu obxectivo principal – obxectivo tamén esencial no conxunto da política deportiva autonómica–, que non é outro que o da promoción da saúde, da condición física e do benestar a través da práctica deportiva e de actividade física, procurando os medios para que todos os escolares galegos poidan ter acceso á práctica de actividades físico-deportivas sen que exista ningún tipo de discriminación.
- VI. Para o desenvolvemento do programa as agrupacións deportivas escolares son as responsables das actuacións que, no ámbito escolar de XOGADE, se desenvolven na súa zona territorial de acción, xunto coas accións levadas a cabo polas federacións deportivas e as medidas directamente asumidas pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, como son, entre outras, a facilitación do transporte e do seguro deportivo para todos os deportistas de 6 a 16 anos inscritos no programa.
- VII. As agrupacións deportivas escolares contémplanse na Lei como *“as asociacións de persoas físicas ou xurídicas públicas ou privadas que, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, se dedican exclusivamente á práctica deportiva en idade escolar”* (art. 49), existindo na Comunidade Autónoma un total de 31 que se distribúen entre as comarcas e concellos de Galicia, segundo consta no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
- VIII. Nesta asignación territorial, a Agrupación Deportiva Escolar Ulla-Umia desenvolve a súa actividade nos concellos de Caldas de Reis, Catoira, Pontecesures, Portas, Valga e Vilagarcía de Arousa, realizando actuacións para o desenvolvemento da actividade



deportiva en idade escolar no marco do programa XOGADE, sen prexuízo de calquera outra función que desenvolva no marco das súas funcións e competencias estatutarias.

- IX. Consonte ao descrito, no ámbito da edición do programa XOGADE e dentro do marco de actuación, funcional e territorial da Agrupación Deportiva Escolar, é pretensión da Xunta de Galicia, a través Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, subscribir o presente convenio de colaboración para o desenvolvemento de actuacións e actividades deportivas en idade escolar, concretado nas actuacións recollidas neste documento as atribucións que ostenta a Agrupación Deportiva Escolar Ulla-Umia.
- X. É evidente pois, que a achega económica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e, ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá a optimizar todas as actuacións que se desenvolvan co obxecto de promover a práctica deportiva e de actividade física, toda vez que as súas definitivas achegas a, entre outros, os ámbitos educativo, formativo, de cohesión social e de saúde pública, o que, sen dúbida, adquire especial relevancia nas idades máis temperás, en consonancia co disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, outorga ao deporte (art. 2.2).
- Doutra banda, cómpre salientar que existe unha identidade entre os obxectivos da Agrupación Deportiva Escolar e os que constitúen o obxecto do presente convenio.
- Por todo o exposto, considérase de grande interese a colaboración das partes asinantes, non sendo posible promover a concorrencia pública resultando, polo tanto, de aplicación o artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

En consecuencia, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Agrupación Deportiva Escolar Ulla-Umia. acordan subscribir o presente convenio de colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio.

O obxecto deste convenio é establecer as bases de colaboración deportiva e económica entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Agrupación Deportiva Escolar Ulla-Umia (en diante Agrupación Deportiva Escolar) para a práctica e o desenvolvemento da actividade deportiva en idade escolar no marco do programa XOGADE.



Segunda.- Descrición do proxecto.

As actuacións que se desenvolven en virtude deste convenio de colaboración son as seguintes:

- Organización e desenvolvemento de probas deportivas.
- Organización e desenvolvemento de xornadas lúdicas-deportivas.
- Organización e desenvolvemento de competicións, concentracións deportivas.

Terceira.- Obrigas da agrupación deportiva escolar.

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, a Agrupación Deportiva Escolar obrígase a:

- Levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades, as actuacións do convenio, debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para o seu desenvolvemento.
- Seguir as normas sobre confidencialidade de datos, concretamente a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, e as normas que a desenvolven.
- Axustarse ás normas de seguridade e de imaxe corporativa, no seu caso, establecidas na Xunta de Galicia.
- Achegar os informes e documentos que acrediten fidedignamente o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Secretaría Xeral para o Deporte.
- Facer figurar expresamente o financiamento da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, como promotora do proxecto na totalidade das actuacións asociadas a este Convenio.
- Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias e sociais e de calquera outra índole que se deriven da aplicación do ordenamento xurídico vixente.
- Facilitar a inspección e control dos órganos da Secretaría Xeral para o Deporte co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas.



- A Agrupación Deportiva Escolar comprométese a xustificar ante a Secretaría Xeral para o Deporte todas as actuacións que se realicen ao abeiro do presente convenio.

Doutra banda, a Agrupación Deportiva Escolar presentou, previamente á sinatura do presente convenio, de xeito electrónico a través do procedemento PR954B habilitado na Sede Electrónica da Xunta de Galicia :

- Solicitud, segundo o modelo do Anexo I.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizouse mediante declaración responsable do seu representante legal, segundo o modelo do Anexo I.
- Declaración de "outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades", segundo o modelo do Anexo I.
- Declaración responsable de que as persoas vinculadas á Agrupación con motivo do desenvolvemento do programa no ano 2022/2023 que estean en contacto con menores, están en posesión do certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais (en cumprimento do artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996 de 15 de xaneiro, de Protección xurídica do menor, modificado pola Lei 26/2015 de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia), segundo o modelo do Anexo I.
- Autorización á Secretaría Xeral para o Deporte para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acreditan que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas. Dita autorización estará en vigor durante a vixencia do presente convenio, segundo o modelo do Anexo I.
Non obstante, a Agrupación Deportiva Escolar poderá revogar expresamente dito consentimento en calquera momento, suposto no que deberá achegar certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias estatais, coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Seguridade Social.
- Memoria de actividades programadas durante a vixencia do convenio segundo se especifica no Anexo V.



Cuarta.- Gastos subvencionables.

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realizasen dentro do período comprendido entre o 1 de outubro de 2022 e o 30 de setembro de 2023.

Os custos tales como axudas de custo, viaxes, consumibles, formarán parte da xustificación da subvención, sempre que sexan imputados pola Agrupación Deportiva Escolar á actividade subvencionada e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira e os de administración sempre que estean directamente relacionados coa actividade subvencionada.

Os gastos derivados da adquisición de máscaras, luvas, xeles hidroalcohólicos, dispensadores de xel e outros produtos de limpeza e desinfección, e gastos derivados da implementación doutras medidas de seguridade e de prevención da COVID-19 (marcaxe de zonas, identificación de asentos, carteis de mensaxería, etc.), que estean directamente relacionados coa actividade subvencionada.

O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

De conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de contratos do sector público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou agás que o gasto se tivese realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio.

De conformidade co establecido no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para o caso de importes inferiores a 1.000,00 €, as facturas orixinais, ou fotocopias compulsadas, e as xustificacións bancarias, poderán ser substituídas polos recibín do correspondente provedor.



O orzamento estimado de gasto para o desenvolvemento da actuación prevista no convenio é o seguinte:

Proxecto	Importe
Material inventariable	2.000,00 €
Material deportivo (balóns, equipamentos, etc.)	1.500,00 €
Gastos de organización (material de oficina, comunicacións, desprazamentos, persoal de apoio, arbitrase, gastos covid-19, e calquera outro relacionado e directamente imputable á organización da actividade).	2.500,00 €
Gastos xerais	117,00 €
TOTAL	6.117,00 €

Quinta.- Dirección, medios humanos e materiais

A Agrupación Deportiva Escolar, co obxecto de garantir a adecuada execución das actuacións deste convenio, comprométese a asumir a súa dirección, debendo proceder, en consecuencia á asignación de medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, a subcontratación dos servizos precisos para levar a cabo as actuacións establecidas no presente convenio, que en todo caso, se realizarán de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, podendo acadar o custo total da actividade proposta. En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo e o valor de mercado das actividades subcontratadas.

No caso de cesión de datos, a entidade subcontratada cumprirá as esixencias do artigo 33 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.



Sexta.- Orzamento e obrigas da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes financiará as accións do presente convenio, ata un máximo de seis mil cento dezasete euros (6.117,00 €) con cargo ás seguintes partidas orzamentarias dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023:

- 06.02.441A.481.0: 4.117,00 €
- 06.02.441A.780.1: 2.000,00 €

O financiamento por parte da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes das actuacións obxecto do convenio será compatible con outras axudas establecidas por outra administración pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Sétima.- Pagamento.

O artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, prevé achegas anticipadas como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. O pagamento da presente subvención realizarase da seguinte forma:

- Un primeiro pagamento, de ata un máximo do oitenta por cento (80%) da subvención para gasto corrente (06.02.441A.481.0), así como de ata un máximo do cincuenta por cento (50%) da subvención para gasto de capital (06.02.441A.780.1) tramitarase no momento da sinatura do convenio previa solicitude por parte da Agrupación Deportiva Escolar segundo o modelo do Anexo II.
- Un segundo pagamento polo importe restante, librarase unha vez xustificada a totalidade da actividade subvencionada por este Convenio.

Calquera modificación da contía asinada aplicarase despois de ter percibido o primeiro anticipo e será incluída na xustificación do segundo pago.



De conformidade co establecido no artigo 65.4 f) e i) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cómpre establecer que quedan exonerados da constitución da garantía os beneficiarios de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinadas a familias e institucións sen fin de lucro, así como os beneficiarios das subvencións concedidas das que os pagamentos non superen os 18.000 euros.

Oitava.- Xustificación

8.1. Prazos de xustificación.

De acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Agrupación Deportiva Escolar deberá presentar ante a Secretaría Xeral para o Deporte a xustificación dos pagamentos nos prazos fixados a continuación:

- a) A xustificación do anticipo recibido ata o 31 de xullo de 2023.
- b) A xustificación da totalidade do Convenio ata o 15 de outubro de 2023.

Se transcorresen estes prazos sen que a Agrupación Deportiva Escolar presentase a xustificación correspondente na Secretaría Xeral para o Deporte, requiriráselle para que no prazo improrrogable de dez días a achegue. A falta de presentación da xustificación neste prazo levará á apertura dun expediente de perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

8.2. Documentación que se deberá achegar.

A Agrupación Deportiva Escolar presentará ante a Secretaría Xeral para o Deporte a xustificación da subvención. Presentarase a seguinte documentación xustificativa, con data límite segundo o disposto na cláusula anterior, a través do procedemento PR954B na Sede Electrónica da Xunta de Galicia:

- Anexo III.
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación do total das actividades realizadas, resultados obtidos e os datos e incidencias máis salientables habidas na súa execución, segundo o modelo do Anexo V.
- Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento, segundo o modelo do Anexo IV.



- Xustificación dos gastos realizados: documento con valor orixinal ou de copia auténtica das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior emitidas dentro do período comprendido entre o 1 de outubro de 2022 e o 30 de setembro de 2023.
- Xustificación dos pagamentos efectuados: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento comprendido entre o 1 de outubro de 2022 e o 30 de setembro de 2023. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a, o/a emisor/a e o concepto do pagamento. De conformidade co establecido no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para o caso de importes inferiores a 1.000,00 €, as facturas orixinais, ou fotocopias compulsadas, e as xustificacións bancarias, poderán ser substituídas polos recibín do correspondente provedor.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes así como dos entes privados. Nesta declaración, se é o caso, deberá figurar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que tivesen financiado a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o modelo do Anexo III.
- Declaración expresa do beneficiario de que as persoas ou entidades contratadas e/ou subcontratadas para as actividades subvencionadas non estean vinculadas con el, de conformidade co artigo 27.7.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento.
- No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención, segundo o modelo do Anexo III.
- Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

En todo caso, a Secretaría Xeral para o Deporte resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

Novena.- Minoración da subvención

Procederá a minoración da subvención concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio teñan un custo inferior ao orzamento establecido



no seu clausulado, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto. Esta minoración da subvención implicará a perda do dereito ao cobramento parcial polo importe da mesma.

Décima.- Reintegro

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de graduacións dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- a. O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables, ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda do dereito ao cobro, ou no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- b. Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización do investimento subvencionable ou da obriga de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustifico.
- c. A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable, suporá a perda do dereito ao cobro.

Terán a consideración de infraccións leves as establecidas no artigo 54 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que poderá dar lugar ás sancións pecuniarias establecidas no artigo 59 da devandita Lei 9/2007.

As infraccións graves e moi graves en materia de subvencións, recollidas nos artigos 55 e 56 respectivamente da Lei 9/2007, poderán dar lugar ás sancións previstas no artigo 60 e 61 respectivamente.

Décimo primeira.- Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse por medios electrónicos, tendo en conta que as persoas interesadas resultan obrigadas a recibilas por esta vía.
2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a



disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. As persoas interesadas, obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración, deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polos indicados interesados da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda – Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

Décimo terceira - Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión de seguimento da execución do convenio, formada por tres representantes da Secretaría Xeral para o Deporte, nomeados pola persoa titular da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e dous representantes da Agrupación Deportiva Escolar , que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Esta comisión estará presidida pola persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte, ou persoa na que delegue.



Décimo cuarta .- Publicidade

De conformidade co previsto na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a entidade beneficiaria da axuda autoriza expresamente a inclusión e publicidade dos datos da entidade nos rexistros públicos de axudas para o seu tratamento necesario. Asemade tamén se compromete a facilitar toda a información requirida ao abeiro do artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicadas á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

Décimo quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se realicen as actuacións.

Así mesmo, poderase resolver por denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra parte cun mes de antelación.

Décimo sexta.- Modificación da concesión

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio polo que se regula a presente subvención.



2. Cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido específico das actuacións ou os prazos recollidos no presente convenio, a persoa titular da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá acordar a modificación do convenio a instancia do beneficiario sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a. Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro do obxecto deste convenio de colaboración.
- b. Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros/as.
- c. Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.

3. O beneficiario deberá solicitar esta modificación mediante instancia dirixida á persoa titular da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no punto anterior, ata o 15 de setembro de 2023. De non facelo poderá implicar a perda da subvención afectada pola modificación e, no caso de que esta implique unha variación substancial do proxecto inicial, a perda total da subvención concedida.

4. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación do convenio será ditado polo Vicepresidente Segundo e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes logo da instrución do correspondente expediente ao cal se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo sétima .- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte.

Décimo oitava .- Interpretación

O presente convenio ten natureza administrativa e, como tal, excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (artigo 6), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Rexerase polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.



A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, ostenta a prerrogativa de interpretar, e resolver tódalas dúbidas que xurdan na súa execución, de acordo co réxime xurídico legalmente aplicable.

Décimo novena.- Normativa aplicable

O presente convenio de colaboración rexeráse por:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.
- Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.
- A Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, nos seus artigos 15 e 17.
- Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

E, en proba de conformidade, asíñase o presente convenio no lugar indicado no encabezamento.

Diego Calvo Pouso
O Vicepresidente Segundo e Conselleiro
de Presidencia, Xustiza e Deportes

Diego Negro Rodríguez
O presidente da Agrupación Deportiva
Escolar Ulla-Umia

